



HORTOXOGO Nº 1



O HORTO É UN MUNDO EN PEQUENIÑO

UN LUGAR MÁXIGO QUE SORPRENDE DÍA A DÍA

HORTOS URRANOS
DA DEPUTACIÓN DE LUGO



Ficha técnica

Ciclo educativo:

Segundo ciclo de educación infantil

Tipo de actividade:

Excursión guiada e taller

Duración – calendario:

2 sesións. Unha sesión de 1,5h pola mañá un martes.
Unha sesión no centro educativo de 1h.
En primavera ou outono.

Lugar:

Hortas urbanas do Paseo do Rato. Lugo

Competencias:

Coñecemento e interacción co mundo físico, social e cidadá

Explicación do hortoxogo

Descrición

Esta actividade estrutúrase en **dúas sesións**. A primeira consiste nunha **acción de descubrimento**, na que se realiza unha visita aos **Hortos Urbanos do Paseo do Rato que xestiona a Deputación Provincial de Lugo**.

Nun primeiro momento un membro do equipo dos Hortos recibe o grupo e temos unha conversación con el. Explicamos onde estamos, en qué consisten estes hortos, qué importancia teñen, etc.

A continuación **trabállase en pequenos grupos**, desta maneira os alumnos teñen a oportunidade de desenrolar algunhas tarefas sinxelas nunha parcela. Trátase dunha primeira aproximación ao horto, a algunhas das ferramentas e a traballos que se fan e sobre todo as diferentes persoas, hortalizas e microfauna que interacciona conxuntamente.

Durante a **segunda sesión**, xa na clase tomarase como eixe vertebrador **unha semente misteriosa** que nos deron nos Hortos. O obxectivo é **descubrir a que planta pertence, a través da experimentación sensorial e comparación con diferentes tipos de sementes**.

Desta maneira traspásase aos nenos a responsabilidade de facer medrar unha semente e descubrir o seu nome. Pódese incorporar un conto relacionado coas sementes para darlle máis contexto.

Obxectivos

Valorar distintos usos en función da necesidade de diferentes colectivos: coñecer aos usuarios e a veciñanza lucense que gozan dunha experiencia diferente na natureza

Recoñecer e valorar o espazo físico dos Hortos Urbanos do Paseo do Rato como un recurso público de Lugo

Recoñecer os diferentes tipos de sementes a través dos sentidos

Materiais

Primeira sesión

Ferramentas para traballar no horto



Segunda sesión

10-12 tipos de sementes diferentes
Bandexas para clasificar sementes



Contidos

Hortos urbanos; colectivos sociais que os traballan; beneficios dos hortos nos colectivos.

Información

O horto é un espazo de cultivo ordenado de plantas, pero para cada colectivo social o interese pode ser moi diferente:

Uso educativo

Uso terapéutico e de benestar

Uso económico-empresarial

Uso social e de ocio

Os usuarios recuperan nos hortos unha actividade moi ligada á tradición rural galega que parecía que ía a desdibuxarse nas nosas vilas e cidades.

HORTOS URBANOS

DA DEPUTACIÓN DE LUGO

